

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, CON CARÁCTER URXENTE, CELEBRADA
POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 12 DE DECEMBRO DE 2016**

Asistentes

SR. ALCALDE:
FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO
MARIA ISABEL POISA REY
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
M^a DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

SECRETARIO:
Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Allariz, cando son as NOVE HORAS E TRINTA MINUTOS (9:30) do dia DOCE de DECEMBRO do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria, con carácter urxente, polo Pleno da Corporación.

Non asistiron á sesión:

ALBERTO CONDE RODRIGUEZ, concelleiro do BNG.
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA, concelleira do BNG.
LUZ DOPORTO REAL, concelleira do PP.
ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, concelleira do PSdeG-PSOE

Sen incidencias.

---&&&---

ORDE DO DIA

1. **Declaración da urxencia da sesión.**
2. **ORZAMENTO XERAL 2016.- Aprobación, se procede dun expediente de modificación de créditos por transferencias entre partidas.**

---&&&---

1. Declaración da urxencia da sesión.

Da conta o Alcalde sinalando que se trata de dar conta dun expediente de modificación de créditos por transferencias entre partidas e da necesidade de que a tramitación e publicación se faga en tempo e forma. Tendo en conta ademais o cómputo de días hábiles que ten que transcorrer entre a convocatoria e a celebración non daba tempo para facelo se non era co carácter de urxente.

Apróbase pola unanimidade dos nove concelleiros, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. ORZAMENTO XERAL 2016.- Aprobación, se procede dun expediente de modificación de créditos por transferencias entre partidas.

O expediente, explica o Alcalde, foi dictaminado favorablemente pola comisión de facenda do 06.12.2016 coa proposta de transferir créditos de partidas que non se van consumir pertencentes ó grupo de función da débeda pública a partidas do capítulo 2 que necesitan un maior nivel de gasto; o crédito total transferido ascende a 30.000 euros.

Polo grupo popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que o seu grupo, tal como xa expuso na comisión de facenda, vai votar en contra fundamentalmente porque están en contra dos orzamentos xerais polo seu prantexamento global. De todas formas, non deixa de ser estraño as previsións que había no orzamento en relación cos intereses de préstamos porque a estas alturas xa se tiña que prever con bastante exactitude a cantidade necesaria para presupostar e sobre todo en canto á devolución de fianzas, que non considera axeitado que se faga unha previsión de 10.000 euros cando non estaba previsto devolver ningunha. Prantexa tamén a dúbida se é correcto o trámite de exposición previsto despois da aprobación, non vaia ocorrer o mesmo que cando se preveu a modificación do tipo impositivo do ibi no 2011 e despois non era correcto o procedemento, por eso é preciso estar seguros de que o procedemento é correcto coa exposición con posterioridade ao pleno. De todas as formas, polo comentado anteriormente, o PP vai votar en contra.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que unha modificación de créditos por transferencia de 30.000 euros sobre un orzamento de seis millóns de euros non chega ó 0,1%, non parece un desvío das previsións moi importante.

O concelleiro do Grupo Popular matiza que a modificación representa un 0,5% non o 0,1% como indica o Alcalde.

Acepta o matiz, pero segue sendo unha cantidade pouco relevante, conclúe o Alcalde, e congratúlase de que se pagaran menos intereses e se poida destinar ese remanente a outros gastos.

Visto o expediente tramitado do que deu conta a 1ª Tte de Alcalde, Mª Cristina Cid Fernández;

Polo Grupo municipal do PP o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, explicou que o seu grupo vai votar negativamente, non tanto polo expediente de modificación de créditos que, recoñece, ten un alcance pouco significativo, senón pola oposición xeral ó orzamento.

A comisión, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (3), co voto en contra do PP (1), ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente nº 2 /2016 de modificación do orzamento pola modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distintas áreas de gasto. O acordo adoptárase polo Pleno da Corporación, previo dictamen da comisión de facenda, co seguinte detalle:

Expediente de Moficiación de Créditos mediante transferencias entre partidas (distintos grupos de función)

MINORACIÓN DE CRÉDITOS	Aplicación orzamentaria	Consignación inicial	Disminución	Consignación final
Aplicacións afectadas				
Intereses de Préstamos do Interior	0111.31000	80.000,00	25.000,00	55.000,00
Devolución de fianzas	0111.94100	10.000,00	5.000,00	5.000,00
SUMAS		90.000,00	30.000,00	60.000,00

INCREMENTO DE CRÉDITOS	Aplicación orzamentaria	Consignación inicial anterior a este expediente	Incremento	Consignación final
Aplicacións afectadas				
Reparacións, mantemento e conserva. Edifícios	3231.21200	30.000,00	10.000,00	40.000,00
Actividades culturais	3341.22609	15.000,00	10.000,00	25.000,00
Outros gastos diversos (feiras e promoción turística)	4321.22699	40.000,00	10.000,00	50.000,00
SUMAS		85.000,00	30.000,00	115.000,00

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O expediente será publicado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás nove horas e corenta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO

